



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Intervención Educativa sobre Problemas Fundamentais de Desadaptación Social		Código	652811302
Titulación	Diplomado en Educación Social			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	Anual	Terceiro	Obrigatoria	7.5
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	No desenvolvemento desta materia preténdese que o estudantado: ? Reestructure as concepcións previas cuestionando as imaxes dominantes que, a modo de tópicos e de prexuízos, impregnan o campo da desadaptación social na actualidade. ? Apele á historia para descubrir as regras de constitución da chamada infancia inadaptada, así como as diferentes repostas institucionais que se deseñaron para atendela. ? Cuestione a aparente neutralidade das categorías creadas para designar este proceso social. ? Caracterice a evolución da educación social como unha praxe social cunha forte intencionalidade educativa con identidade propia, tomando unha actitude de apertura científica a respecto das contribucións da socioloxía, da pedagogía, da filosofía, da psicoloxía etc. ? Desenvolva habilidades de reflexión, de análise e de síntese que garantan o compromiso ético nas súas propostas. ? Sinta a necesidade da investigación como base para o coñecemento e a transformación da realidade. ? Adquiera unha maior concienciación acerca dos procesos de vulnerabilidade social. ? Desvele as teorías implícitas nos diversos informes, para interrogar aquilo que se dá por suposto acerca do que caracteriza a unha persoa normal e as formas correctas de pensar, sentir e comportarse. ? Identifique e someta a análise as ideoloxías que atravesan os discursos sociais.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender a xenealoxía dos procesos históricos de consolidación da profesión e da intervención socioeducativa.



A2	Coñecer, analizar e valorar o marco da Educación Social e os modelos de carácter trasnacional, os desenvolvidos noutros países, especialmente no contexto europeo e iberoamericano.
A8	Coñecer as características dos contornos de intervención do/a educador/a social, da súa evolución e perspectiva, así como da súa configuración e regulamentación a través de institucións profesionais.
B9	Capacidade crítica e autocrítica.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer as características dos contornos de intervención do/a educador/a social, da súa evolución e perspectiva, así como da súa configuración e regulamentación a través de institucións profesionais		A8	
Caracterizar a evolución da educación social como unha praxe social cunha forte intencionalidade educativa con identidade propia, tomando unha actitude de apertura científica a respecto das contribucións da socioloxía, de pedagogía, de filosofía, de psicoloxía etc.		A1 A2	B9 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
NÚCLEO I: A historia do presente da xustiza xuvenil	TEMA 1.1. Antecedentes históricos relativos ás medidas de regulación e de control social da infancia e da xuventude abandonada e/ou delincuente. TEMA 1.2. Perigo social, obrigatoriedade escolar e definición social de diferentes tipos de infancia.
NÚCLEO II: Desadaptación, delincuencia e vulnerabilidade social.	TEMA 2.1. Aproximación conceptual TEMA 2.2. Perspectivas definitorias desadaptación social. TEMA 2.3. Desviación, delito e orde social. TEMA 2.4. Violencia, delito e vulnerabilidade
NÚCLEO III: Adolescentes socialmente conflitivos: propostas de acción socioeducativa	TEMA 3.1. Escenarios adolescentes: diferentes e desiguais TEMA 3.2. Menores en desprotección e en conflito social: Marco legislativo.
NÚCLEO IV: A Educación social no ámbito da vulnerabilidade social	TEMA 4.1. A educación especializada como antecedente da educación social. TEMA 4.2. Principais problemas na definición do perfil profesional. TEMA 4.3. Modelos de acción socioeducativa
NÚCLEO IV: Os proxectos como método de traballo	- "O educador e a programación: unha experiencia concreta" - "O proceso de intervención socioeducativa no caso dun menor en situación de risco social" - "Experiencias socioeducativas en medio aberto" - "A favor dos desfavorecidos"

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta		0	187.5	187.5
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Proba mixta	Desenvolver catro cuestións a modo de pregunta tema, tendo en conta as fontes de informacion recollidas na bibliografía básica. Puntuación máxima de 7 pto. (É necesario contestar minimamente a todas as preguntas). Situar un proceso de vulnerabilidade social no marco lexislativo e conceptual. Puntuación máxima de 3 pto. Ambas preguntas elaboraranse sen material.
-------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	En horario de titorías.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta		Desenvolver catro cuestións a modo de pregunta tema, tendo en conta as fontes de informacion recollidas na bibliografía básica. Puntuación máxima de 7 pto. (É necesario contestar minimamente a todas as preguntas). Situar un proceso de vulnerabilidade social no marco lexislativo e conceptual. Puntuación máxima de 3 pto. Ambas preguntas elaboraranse sen material.	100
Outros			

Observacións avaliación

--

Fontes de información

--



Bibliografía básica	NÚCLEO I VEGA, Amando(1989): ?Aproximación histórica a la educación de los inadaptados sociales?. EnPedagogía de Inadaptados Sociales.Madrid: Narcea. IGLESIAS, Ana(2005): ?Xustiza xuvenil e perigosidade social. Unha historia do presente?. En Sarmiento. Anuario Galego de Historia daEducación. VARELA, Julia eÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1991): ?Escuela de delincuentes?. En Arqueología de la escuela. Madrid: La Piqueta, páxs.235-259. MINISTERIO DE JUSTICIA (1950): Tribunaltutelar de menores de la provincia deÁlava. XXV años de su vida 1923-1947. Vitoria, páxs. 67-87. NÚCLEO II VALVERDE, Jesús(1998): El Procesode Inadaptación social. Madrid: Popular, páxs. 13-34. ORTE, Carme eMARCH, Martí (1996): ?La inadaptación social: concepto y características?. En Pedagogía de la inadaptación social.Valencia:Nau Llibres, páxs. 26-45. VARELA, Julia e ÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1989): ? Violencia y delito? En Sujetos frágiles. Ensayos de sociologíade la desviación. Fondo de cultura económica: Paideia, páxs.117-143. CASTEL, Robert(1996): ?De la exclusión como estado a la vulnerabilidad como proceso?. En Archipiélago, nº 21, páxs.27-36. MIGUEL, Ana De(1996): ?Género y conducta desviada: estado de la cuestión? En Sociología de las relaciones de género, Institutode la Mujer. NÚCLEO III FEIXA, Carles(2003): ?Generación @. La adolescencia en la era digital?. En Cuadernos de Pedagogía, nº 320, páxs.52-55. FUNES, J.(2005):?El mundo de los adolescentes: propuestas para observar y comprender?.En Revista de Educación Social, nº 29, páxs.78-99. IGLESIAS, Ana (2007): ?Los efectos de la escolaridad en la configuración de lasidentidades: la justicia juvenil?. En BERGALLI, Roberto e RIVERA, Iñaki (Coords)Jóvenes y adultos. El difícil vínculosocial. Desafío(s)5. Anthropos. IGLESIAS, Ana (2008): ?Socialización familiar: entre o control e os afectos?.En Educar e castigar. Unha historia do presente da xustiza demenores en Galicia. Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,páxs. 169-224. NÚCLEO IV NÚÑEZ, Violeta e PLANAS, Teresa (1997): ?La educación social especializada.Historia y perspectivas: una propuesta metodológica?. En PETRUS, Antonio.(Coord.): Pedagogía Social. Barcelona:Ariel, páxs.103-129. ORTEGA, José (1997): ?Comunidad y educación social (Programa comunitario de prevención de la asociabilidad infanto-juvenil ?ciudad educativa?). En PETRUS, Antonio. (Coord.): Pedagogía Social. Barcelona:Ariel, páxs.196-219. AMORÓS, Pere eAYERBE, Pello (Ed.) (2000): ?La intervención socioeducativa en un contexto institucional?. En Intervenciónsocioeducativa en inadaptación social. Madrid: Síntesis, páxs. 197-226. ORDEN de 13 de julio de 2005, por la que se aprueba el Proyecto Educativo Marco para los centros de protección de menores en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Andalucía (BOJA nº 50 de 3 de agosto de 2005). En http://www.juntadeandalucia.es/boja/boletines GARCÍA MOLINA, José(2005): ?El proyecto educativo individualizado. Una propuesta teórico-metodológica para el trabajo en Centros Residenciales de Acción Educativa?. En LIRIO, Juan, Lametodología en Educación Social.Madrid: Dykinson, páxs. 285-308. ProxectosVer no apartado de contidos o núcleo IV.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías